

CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371
E. electrónico: correo@acapela.es
Web: www.concellodacapela.es

Manuel Meizoso López (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 14/05/2019
HASH: 522684887b40be9c862bc394b066

José Antonio Meizoso Paz (2 de 2)
Secretario-interventor
Data de Sinatura: 14/05/2019
HASH: 3653bb5462161224132294c98900b485

ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO-URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 13 DE MAIO DE 2019

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LOPEZ

CONCELLEIROS:

- D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO
- D. JAIME BARCIA RODRIGUEZ
- D. EMILIO RIOBO PIÑON
- DNA. MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUAN
- D. DAVID RODRIGUEZ SANMARTIN

SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela (habilitada), provincia da Coruña, sendo as dez horas, do día trece de maio de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnense os Sres/a. Concelleiros/a. que se relacionan na marxe, asistidos do Secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia os Sres. Concelleiros D. Marcos Rodríguez Calvo e D. Santiago Meizoso Permuy


Non asiste á sesión a Concelleira Dna. Laura Piñeiro Montes.

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0008 Data: 14/05/2019


I.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ó Pleno da Corporación que a urxencia para a celebración desta sesión ven motivado pola necesidade de incorporación ó orzamento municipal 2019 das axudas que foron recentemente notificadas o Concello e que corresponden o Fondo de Compensación Ambiental e o Plan de Mellora de Camiños Municipais da Xunta de Galicia, ámbalas dúas axudas teñen un prazo de xustificación moi curto polo que é necesario iniciar os trámites de licitación e contratación canto antes.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes a sesión aprecia e ratifica a urxencia da sesión.



Cod. Validación: 7QDLOPMT3ZGMSJCZZGRPG35NM | Conexión: <http://concellodacapela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 e 4



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

II.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR DE DATA 30 DE ABRIL DE 2019. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres./a. Concelleiros/a. asistente á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trinta de abril de dous mil dezanove.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres./a. Concelleiros/a. asistentes a sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

III.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 6/2019. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta o Pleno do Concello polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos Nº 6/2019, que ascende a cantidade de trinta e nove mil oitocentos trece euros con corenta e catro céntimos de euro (39.813,44 €) que contempla suplementos de crédito na partida 2019.1532.61900 por importe de vinte e tres mil centro trinta e dous euros con setenta e oito céntimos de euro (23.132,78 €) que corresponde a anualidade 2018 do Plan de Mellora de Camiños Municipais da Xunta de Galicia, así como crédito extraordinario por importe de dezaseis mil seiscientos oitenta euros con sesenta e seis céntimos de euro (16.680,66 €) na partida 2019.172.62400 para adquisición de furgoneta para o Servizo de Medio Ambiente. Estas partidas de gasto financianse con cargo as axudas da Xunta de Galicia e do remanente líquido de tesourería do exercicio 2018.


Polo voceiro suplente do Grupo Municipal de AIAC, D. David Rodríguez Sanmartín pregúntase unicamente para que se vai a empregar a furgoneta.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que é para uso de tarefas de Medio Ambiente dos Concelleiros e en xeral de persoal do Concello.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (5 votos a favor dos Sres/a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e 1 abstención do Grupo Municipal de AIAC) adopta o seguinte acordo:

1º.-Aprobar o expediente de modificación de créditos Nº 6/2019, de acordo co seguinte cadro:

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0008 Data: 14/05/2019
Cod. Validación: 70DLQPM73ZGMSJCZGPPG35NM | Corrección: <http://concellodacapela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

CAPITULO	CONSIGNACION ANTERIOR	SUPLEMENTOS	XERACION DE CRÉDITOS	TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS	TOTAL CONSIGNACION RESULTANTE
I Gastos de persoal	408.319,52 €				408.319,52 €
II Gastos en bens correntes	764.428,64 €				764.428,64 €
III Gastos financeiros	0,00 €				0,00 €
IV Transferencias correntes	27.300,00 €				27.300,00 €
V Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00 €				0,00 €
VI Investimentos reais	130.233,78 €	23.132,78 €	16.680,66 €		170.047,22 €
VII Transf. de capital	0,00 €				0,00 €
VIII Activos financeiros	0,00 €				0,00 €
IX Pasivo financeiros	0,00 €				0,00 €
TOTAL	1.330.281,94 €	23.132,78 €	16.680,66 €	0,00 €	1.370.095,38 €

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0008 Data: 14/05/2019

2º.-Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións.

3º.-Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

E xá que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as dez horas e doce minutos, de todo o cal eu, Secretario, dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O Secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz





CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0008 Data: 14/05/2019



Cod. Verificación: 70DLOPW13ZGMSJCZ6FPG36NM | Corrección: <http://concellodacapela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 de 4